


NOVAS PENZOL

NOVIDADES DA FUNDACIÓN PENZOL

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#



Fotografía: Yganza. ARQUIVO FUNDACIÓN PENZOL

FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903 - Fair Oaks, California, 1987).

Licenciado en Dereito, exerceu como avogado no Barco de Valdeorras e comezou o seu labor literario colaborando en diferentes publicacións. As súas inquedanzas políticas e culturais lévano a vincularse desde novo ás Irmandades da Fala e ao Partido Nacionalista Republicano de Ourense, en 1933 ingresa no Partido Galeguista (PG). En 1934, na III asemblea anual do PG, coñece a Castelao.

Co seu primeiro libro (*Bebedeira*, 1934), un canto á terra de Valdeorras, sitúase na poesía de vanguarda, na liña do hilozoísmo de Amado Carballo.

En 1936, ao producirse o golpe de Estado, marcha do Barco; en 1938 instálase en Barcelona, onde traballa na Administración republicana; ao tempo que asume a Secretaría de Propaganda da executiva do PG. En 1939 establecese en México. No exilio mantén activo o seu compromiso político, vinculado a Castelao e ao Consello de Galiza, sen perder o contacto cos galeguistas do interior. Foi representante de Galicia na delegación de Galeusca en México.

Neses tempos, na súa obra literaria adquire relevancia a poesía social. Colabora en varias revistas galegas publicadas en América, especialmente en *Vieiros* e *Saudade*. Foi un dos fundadores do Padroado da Cultura Galega de México.

En 1981, a Real Academia Galega noméao académico correspondente; en 2021 decide homenaxealo dedicándolle o Día das Letras Galegas de 2022, acordo que celebramos e ao que nos adherimos coa publicación deste boletín, que informa sobre os fondos existentes nas bibliotecas e arquivos da Fundación Penzol e da Biblioteca-Museo Fernández del Riego.

Agradezo a colaboración do persoal da Fundación Penzol e de María Dolores Cabrera, así como a Hayat Husein e Xesús Domínguez da Editorial Galaxia, para a elaboración deste boletín.

Saúdos cordiais.

SILVESTRE GÓMEZ XURXO
Responsábel de Novas Penzol

FUNDACIÓN PENZOL

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 · VIGO




Teléf.: 986 226 459

CORREO-E:
fundacion.penzol@vigo.org

HORARIO PÚBLICO:
luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

AUTOR MONOGRAFÍAS


- *Bebedeira*. Santiago de Compostela: Nós, 1934. Sign.: 20/194.
- “Poemas civís”, en *Cancioneiro da loita galega*. México: Partido Galeguista, 1943, t. 1, n. 1. Sign.: 52/51. NOTA: poemas asinados cos seudónimos, *Andel e R. Miño*.
- “Pintura de feira”, en Anxel Johán et al. *Pintura actual en Galicia*. Vigo: Galaxia, 1951, pp. 79-80. Sign.: 39/56.
- “Pandeirada”, en traballos presentados por Álvaro Araúz et al. *Presencia de Galicia en México*; ilustracións de Arturo Souto. México: Patronato da Cultura Galega, 1954, p. 53. Sign.: 21/26.
- “Saúdo”, en: Ramón Otero Pedrayo: *a súa vida e a súa obra. homaxe da Galicia universal*. Caracas: [Centro Galego], 1958, pp. 100-101. Sign.: 39/60.
- *Galicia infinda*. Vigo: Colección Salnés (12), 1963. Sign.: 39/160.
- *Galicia infinda*. Vigo: Colección Salnés (12), 1963. Dedicatoria autógrafa do autor a Carlos Velo. Sign.: 39/190.
- *Cantarenas: poemas, 1934-1980*. Limiar de Xosé Gayoso Díaz. Sada: Ediciós do Castro, 1981. Sign.: 31/34.
- *Cantarenas: poemas, 1934-1980*. Limiar de Xosé Gayoso Díaz. Sada: Ediciós do Castro, 1981. Dedicatoria autógrafa do autor a Sabela López. Sign.: RPL-1698.
- *O soño do guieiro: poemas, poemiñas e poemoides*. Sada: Ediciós do Castro, 1986. Sign.: 32/191.
- “O soño do guieiro (lembranzas de un vello galeguista)”, en Beramendi, J. G.; Villares, R. (edición). *Actas Congreso Casteleiro: (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1989, v. 2, pp. 475-478. Sign.: 152/13.
- “Pintura de feira”, en Anxel Johán et al. *Pintura actual en Galicia* (facsímile). Vigo: Galaxia, 1991, pp. 79-80. Sign.: 40/4.
- *Rumba e outros poemas*, en Cacheiro Varela, M. *América na poesía galega*. A Coruña: Deputación Provincial, 1992, pp. 53-60 (con dedicatoria autógrafa do autor a Francisco Fernández del Riego). Sign.: 34/101 e FR-83/42.




- “Alexandre Bóveda” e “Un guerrilleiro (fusilado no outono de 1940)”, en Alonso Montero, X. (edición, prólogo e notas). *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas: poemas de Rafael Alberti*. Edición ó coidado de X. R. Fandiño. Catoira: Concello de Catoira, 2002, pp. 47 e 73. Sign.: FR- 46/214.
- “Morte de Alexandre Bóveda”, en Fernández Rodríguez, M. (edición e introdución). *Poemas pola memoria (1936-2006): ano da memoria 2006*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006, pp. 99-101. Sign.: 154/168.
- “Pandeirada”, en Alonso Montero, X. (estudo introdutorio). Edición facsímile. *Presencia de Galicia en México*; ilustracións de Arturo Souto. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2007, p. 53. Sign.: 133/37.
- “Os gaiteiros de Montgomery”, en Alonso Montero, X. (edición, prólogo e notas). *A gaita, o gaiteiro e os gaiteiros na poesía galega: (1853-2012): antoloxía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2012, pp. 101-102. Sign.: 143/190.
- *Antoloxía poética*. Edición de Débora Álvarez Moldes, Margarida Pizcueta Barreiro. Vigo : Galaxia, 2022. Sign.: 161/109.
- *Bebedeira*. Edición Dulce Fernández Graña. Vigo: Galaxia, D.L. 2022. Sign.: 160/242.
- *Galicia infinda*. Edición de Dulce Fernández Graña. Vigo: Galaxia, D. L. 2022. Sign.: 160/243.
- *Obra poética*. Edición e introdución de Xosé Ramón Pena. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, D. L. 2022. Sign.: 161/066.
- *Soño do guieiro: poemas, poemíñas e poemoides*. Edición de Dulce Fernández Graña. Vigo: Galaxia, D. L. 2022. Sign.: 160/241.

TRADUTOR

- *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, por Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández e F. M. Delgado Gurriarán. Buenos Aires: Alborada, cop. 1949. Sign.: 21/33.
- “Queixa dos soldados europeos”, Pierre Drieu la Rochelle; versión galega de F. Delgado Gurriarán, en *La Noche. Suplemento del Sábado 13*, 1950, p. 4. Sign.: PLA-02/044.



- “Ouh capitán!, meu capitán!”, Walt Whitman, versión de Florencio Manoel Delgado Gurriarán, en *A Nosa Terra. Boletín Decenal. Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas Colonias Galegas d'América e de Portugal* 475, febreiro, 1951. Edición facsímile. Sign.: SL-R-28. Tamén publicado en *Galicia. Portavoz de la Federación de Sociedades Gallegas de la República Argentina* 1286, 30-XII-1957, p. 6. Sign.: PLA-01/119.
- “O cemiterio mariño”, de Paul Valery, por Florencio Delgado Gurriarán, en *Grial* 23, 1963, p. 110. Sign.: SL-R3.
- *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, por Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández, F. M. Delgado Gurriarán; ilustración da capa de Luís Seoane. A Coruña: Fundación Caixa Galicia; Vigo: Galaxia, 2005. Texto en galego, francés e inglés. Sign.: 56/134.



AUTOR

COLABORACIÓN EN REVISTAS

Valdeorras. Sign.: 50/5.

- “Bebedeira”. (número 1, setembro, 1955), p. 36.

A Xanela. Betanzos. Sign.: RG-507.

- “Romanzo do cabaleiro ourizo” (número 16, outono, 2003), p. 17.

Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses. Sign.: FR-R-75.

- “A Celso Emilio Ferreiro” (número 1, 1980, p. 61).
- “Louvanza a toponimia enxebre (muiñeira sen música)” (número 1, 1980, p. 62).
- “Nova arte poética” (número 1, 1980, p. 63).
- “Valentín Paz-Andrade: un valdeorrés adoptivo” (número 3, 1983, pp. 71-76).
- “‘Galicia y las Américas’. Conferencia pronunciada en el Centro de la Amistad Internacional de Guadalajara, Jalisco, el día 6 de diciembre del año 1977, durante la semana de cultura española organizada por el Círculo Cultural Clavileño” (número 4, 1984, pp. 165-184).

Compostela. México. Sign.: RG-253.

- “Notas ao *Diccionario enclopédico gallego-castellano* de don Eladio Rodríguez González” (número 1, 1967, pp. 273-296).

Eufonía. Rimas y Glosas de la Poesía Gallega, Buenos Aires. Sign.: SL-R-82.

- “Saúdo” (número 1, 1958, p. 13).

Galicia. Buenos Aires. Sign.: RG-439.

- “O soño do guieiro” (número 604, 1975, p. 83).

Galicia. Caracas. Sign.: SL-R-76.

- “A Conga” (ano 2, número 7, xuño-xullo, 1953, p. 14).

- “Bocarribeira valdeorresa” (número 4, 1952, p. 13).

Lar. Buenos Aires. Sign.: RG-143.

- “As seiras do castiro”, (números 224-225, 1952, p. 57).

- “Hai sede na nova Galiza” (números 224-225, 1952, p. 57).

Saudade. México. Sign.: RG-126. Edición facsímile. Sign.: SL-R-74; SL-R-88.

FDG foi director desta revista no número 7, de xullo de 1953; nos seis primeiros números foi membro da redacción.

- “Noiturno da noiva jarocha. Son veracruzano” (número 1, xullo, 1942, p. 2).
- “Louvanza do viño de Ourense”, *Porto do Río* (pseudónimo de FDG) (número 1, xullo, 1942, pp. 11-12).
- “Pintura de feira” (número 2, nadal, 1942, pp. 9-10).
- “Poemas da Galiza infinda” (número 4, xullo, 1943, pp. 16-17).
- “Os gaiteiros de Montgomery” (número 4, xullo, 1943, p. 18).
- “Da Galiza infinda” (número 5, xullo, 1952, p. 23).
- “Do poeta ‘Da Galiza infinda’” (número 7, xullo, 1953, p. 4).

Semana Vitivinícola. Sign.: RF-498.

- “Bocarribeira valdeorresa” (número 265, 1951, p. [52]).
- “Dez cousas de Valdeorras (no vran)” (número 265, 1951, p. 59).

Vieiros. Sign.: RG-159. Edición facsímile. Sign.: SL-R-66.

Delgado Gurriarán foi codirector da revista nos números 1 (1959) e 2 (1962), con Luís Soto e Carlos Velo.

- “Nova Galicia” (número 1, 1959).
- “Poemas” (número 1, 1959).
- “Noiturnio da noiva jarocha” (número 2, 1962).
- “Conto sinxelo” (número 2, 1962).
- “Barco, bêbedo” (número 4, 1968).
- “A Galiza asolagada” (número 4, 1968).

OBRAS SOBRE DELGADO GURRIARÁN

MONOGRAFÍAS

- *Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*. Ricardo Gurriarán. Sada: Ediciós do Castro, 1999. Sign.: 44/237 e FR-91/175. Sign.: 154/169 (con dedicatoria do autor a Avelino Pousa Antelo).
- *Florencio Manuel Delgado Gurriarán: un legado infindo*. Lucía Gómez Álvarez, textos e ilustracións. Vigo: Galaxia, 2021. Sign.: 160/226.
- *Florencio Delgado Gurriarán: poeta na terra, na guerra e no exilio: antoloxía poética*. Xesús Alonso Montero. Vigo: Galaxia, D. L. 2022. Sign.: 160/244.
- *Florencio Delgado Gurriarán: polos vieiros da saudade*. Héctor Cajaraville; ilustracións de Antía Antepazo. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, D. L. 2022. Contén sete poemas de Héctor Cajaraville inspirados na obra do autor homenaxeado. Sign.: C-315/01.
- *Florencio Delgado Gurriarán: vida e obra dun poeta no exilio mexicano*. Miro Villar; ilustracións da cuberta de Iván R. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [2022]. Sign.: C-312/03.
- *Florencio Manuel Delgado Gurriarán: un legado infindo*. Lucía Gómez Álvarez [textos e ilustracións]. Vigo: Galaxia, D. L. 2021. Sign.: 160/226.

OBRAS SOBRE DELGADO GURRIARÁN

CAPÍTULOS EN MONOGRAFÍAS COLECTIVAS

- “Un caso de mestizaxe cultural na literatura galega do exilio, os poemas mexicanos de F. Delgado Gurriarán”. María Xesús Lama López, en Álvarez, R.; Vilavedra, D. (coordinación). *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, v. 2, pp. 739-753. Sign.: 46/106.
- *Galegos en México, pasado e presente*. María Xosé Rodríguez Galdo (en colaboración con María Antonia Pérez Rodríguez). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Consellería de Emigración, 2004. sign.: 50/214.
- “El exilio gallego de 1939 en México”. Enriqueta Tuñón Pablos, en *O exilio galego de 1936. Política, sociedade, itinerarios*. Núñez Seixas, X M.; Cagiao Vila, P. (ed.) Sada: Ediciós do Castro - Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega, 2006, pp. 175-188. Sign.: 12/265.
- “Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987): poeta valdeorrés, republicano e galeguista”. Ricardo Gurriarán Rodríguez, en Juana López, J. de; Prada Rodríguez, J.; Rodríguez Teijeiro, D. (coordinación). *Galegos de Ourense 2*. Ourense: Deputación Provincial, 2014, pp. 395-415. Sign.: 145/17.

ARTIGOS SOBRE DELGADO GURRIARÁN

REVISTAS

Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses. Sign.: FR-R-75.

- “Florencio Manoel Delgado Gurriarán”. Xosé Gayoso Díaz (número 1, 1980, pp. 22-31).

Dorna. Sign.: RG-326.

- “Algunhas precisións sobre a obra poética de Florencio Delgado Gurriarán. Notas ó libro de Ricardo Gurriarán”. Xosé Anxo García López (número 26, 2000, pp. 119-123).
- “Dous poemas no exilio: sobre a prehistoria de *O soño do guieiro*, de Florencio Delgado Gurriarán. Xosé Anxo García López (número 29, 2003, pp. 67-81).

Raigame. Sign.: RG-518.

- “Florencio Delgado Gurriarán, poeta valdeorrés no exilio mexicano” Ricardo Gurriarán (número 13, maio, 2001, pp. 20-31).
- “O macrotexto poético en galego de Florencio Delgado Gurriarán”. Miro Villar (número 23, maio, 2006, pp. 87-93).
- “Vieiros cumple cincuenta anos: a pequena intrahistoria dun proxecto editorial do exilio galego en México. En lembranza de Florencio Delgado Gurriarán”. Ricardo Gurriarán (número 30, maio, 2009, pp. 18-25).

Vieiros. Sign.: RG-159. Edición facsímile, sign.: SL-R-66.

- “A poesía de Florencio Manoel Delgado Gurriarán”. Marcial Fernández (número 1, 1959).

MATERIAIS DE ARQUIVO

ARQUIVO PENZOL

- Carta de FDG a Ramiro Isla (18-I-1955). Mándalle poemas inéditos para que Ramiro escolme, uns apuntamentos biográficos e unha fotografía. Algúns deses poemas aparecen en *Galicia infinda* (1963).

COLECCIÓN XAVIER CASTRO: EXILIO E DIÁSPORA. Sign.: CA-0532/001.

- Correspondencia con Rodolfo Prada (1938-1939): 12 cartas informándoo sobre a situación dos galeguistas refuxiados en Francia e a forma de achegarlles axuda económica e sobre a organización dos trasladados a América. Contén unha listaxe dos refuxiados galegos en Francia e unha carta de Florencio Delgado Gurriarán a Castelao.

FONDO OTERO PEDRAYO. Sign.: CA-639/47; CA-701/2.34; CA-606/90.

- 8 cartas e 4 tarxetas (1927-1975). Tratan novas persoais, sobre as súas publicacións, *Vieiros* etc.

- Mecanoscrito con correccións autógrafas da tradución ao galego realizada por FDG de *O cemiterio mariño*, de Paul Valéry.



FONDO RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ. Sign.: CA-0145/008.

- Tarxeta de felicitación do Nadal (1984).

FONDO RAMÓN PIÑEIRO. Sign.: CA-257/1.

- 3 cartas (1959-1980). A primeira trata sobre a publicación de *Vieiros*. En 1978 faille comentarios sobre a situación política de Galicia e sobre a publicación do *caso Rosón* na revista *Interviú* e adxunta o mecanoscrito do poema “Ditos do povo galego”. En 1980 faille comentarios sobre Realidade Galega.

FONDO AVELINO POUSA ANTELO


- Carta a Avelino Pousa sobre unha escritura expedida a favor de Ramón Martínez López.
- Manuscrito de “O soño do guieiro (Lembranzas de un vello galeguista)”, co poema publicado no número 604 da revista *Galicia*, e unha explicación.

FONDO MANUEL RODRIGUES LAPA. Sign.: 2.1.2.13.


- Dúas tarxetas de felicitación de Nadal (1973 e 1979).

ARQUIVO FFR

- Traballos de FDG: mecanoscrito con poemas (inverno de 1970), retallos de prensa (1934-1999), poemas mecanoscritos. Sign.: FR-CA-222/03.
- Manuscrito (1950) “Libros nuevos”, recensión sobre *Poesía galega e francesa vertida ao galego* (1949). Sign.: FR-CA-075/005/016.



- Carta (26-III-1945) de Castelao, como presidente do Consello de Galiza, aos galeguistas do interior sobre a coordinación entre o interior e o exilio. Na relación das delegacións do Consello aparece FDG como representante en México. Sign.: FR-CA-068/002/009.
- Correspondencia de FDG a Francisco Fernández del Riego: 9 cartas e 3 tarxetas (1948-1981). Os temas tratados son a revista *Vieiros* e a obra de FDG. Tamén lle agradece a proposta para académico correspondente da RAG. Sign.: FR-CA-009/003.
- Correspondencia dos directores de *Vieiros* con FFR: 3 cartas, 1 tarxeta e 1 telegrama (1953-1959): tratan da publicación da revista, pídenlle enderezos para o seu espallamento e unha crítica ao seu primeiro número. Sign.: FR-CA-033/003.



Enderezo

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2
36202 - VIGO
Teléf.: 986 226459

correo-e: fundacion.penzol@vigo.org

Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

Na rede

https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#



@Fundación Fermín Penzol

PRODUCIÓN

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Maquetación

Hayat Husein

Novas Penzol 25/2 (abril, 2022) inclúe as novedades bibliográficas recibidas na Biblioteca Penzol desde a publicación do número 25 (febreiro, 2022).

